

## RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚE UN MEMBRO DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA 25/1023

### Feitos

Con data do 28 de xullo de 2025, o profesor Gustavo Ariel Perea Vega, secretario da comisión de selección da praza 25/1023, de profesor/a substituto/a (convocada por Resolución reitoral do 4 de xullo de 2025), presenta un escrito no que manifesta a súa imposibilidade para actuar na mesma.

Ademais, os seguintes membros da comisión de selección comunican o 29 de xullo de 2025 que incorren en conflito de intereses, dos establecidos no Real decreto 678/2023, de 18 de xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas de ditos corpos, con algunha das persoas candidatas:

Espiñeira Bellón, Eva María: vogal 1ª suplente  
Pérez Crego, María Cristina: vogal 2ª suplente

### Consideracións legais e técnicas

O apartado 6.10 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada no Consello de Goberno do 07.11.2024, establece que o nomeamento como membro dunha comisión é irrenunciable, agás cando concorra unha causa xustificada que impedisese a súa actuación, que deberá ser comunicada pola persoa afectada ao Servizo de Persoal Docente e Investigador. A apreciación da causa alegada correspóndelle á vicerreitoría con competencias en profesorado, que deberá resolver nun prazo de tres días hábiles e substituíla pola persoa suplente que corresponder. No presente caso a causa alegada xustifica a substitución da secretaría da comisión de selección.

O apartado 6.12 da mencionada normativa establece que os membros das comisións deberán declarar os seus posibles conflitos de interese e renunciar a formar parte da comisión cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no dito apartado, respecto dalgunha das persoas candidatas.

O apartado 6.6 da citada normativa, establece que no caso de non poderen actuar as persoas propostas para a secretaría ou para a vogalía serán substituídas polo/a primeiro/a vogal suplente e así sucesivamente, garantindo sempre o principio de composición equilibrada entre mulleres e homes, agás que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo co indicado, dispón a substitución, para a comisión da praza indicada, de Gustavo Ariel Perea Vega por María Paula Ríos de Deus, proposta polo Departamento con data 17 de xullo de 2025.

A Coruña, na data da sinatura electrónica.  
Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)  
A vicerreitora de Profesorado  
María Teresa López Fernández